



## Concello de Moaña

**Expediente núm.:** 176/2024

**Procedemento:** Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)-S0171 - Regulamento municipal

**Asunto:** Regulamento regulador do funcionamento das instalación de uso público do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello

**Documento:** Anuncio

**Trámite:** Autorización de Consulta pública previa

### Anuncio

Mediante decreto de alcaldía núm. 2024-0101 de 06 de febreiro de 2024 resolveuse abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), para a aprobación dun Regulamento regulador do funcionamento das instalación de uso público do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello do seguinte xeito:

Medios de publicación da Consulta. A publicación da Consulta previa realizarase nos seguintes medios:

- No Taboleiro de anuncios deste Concello (casa consistorial),
- No Portal de transparencia aloxado na sede electrónica do concello ( acceso directo a través da <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/> ou desde a web institucional) – *Indicador 2 Normativa Municipal/2.1. PROXECTOS EN TRAMITACIÓN \_ Regulamento regulador do funcionamento das instalacións de uso público do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello*
- No Taboleiro electrónico aloxado na sede electrónica do concello ( acceso directo a través da <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/> ou desde a web institucional)
- No seu sitio web <https://concellodemoana.org>

Prazo e Forma de presentación de suxerencias. - Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións durante o **prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao de publicación do anuncio deste acto administrativo na web institucional do concello de Moaña** (<https://concellodemoana.org>) , a través dos seguintes medios:

- Correo electrónico do órgano xestor (concellería delegada) [kevingonzalez@concellodemoana.org](mailto:kevingonzalez@concellodemoana.org) ,
- Rexistro do concello (presencial ou electrónico)
- Puntos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Aspectos sobre os que se admiten suxerencias.

Os recollidos na Memoria da concellería delegada de Mocidade e Voluntariado de 06 de febreiro de 2024 (csv: 6CHS9Y4ATGZ9ERF79NYPSXJ5F-<https://concellodemoana.sedelectronica.gal> ) que se incorpora como Anexo único a este acto administrativo e que responden á estrutura prevista no apartado 1º do artigo 133 da LPAC.





## Concello de Moaña

---

O que se publica para o seu coñecemento e efectos oportunos en cumprimento do ordenado no punto resolutivo 3º do decreto de alcaldía núm. 2024-0101 de 06 de febreiro de 2024, nos termos que resultan do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas o e no art. 7 da lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.. A citada consulta previa como acto de puro trámite determina que non sexa recorrible.

*(documento asinado electronicamente ao marxe)*





## Concello de Moaña

### A N E X O

".../...

#### **Memoria da concellería delegada de mocidade, infancia e voluntariado**

Mediante providencia de alcaldía de data 05 de febreiro de 2024 se incoou procedemento relativo á aprobación do Regulamento regulador do funcionamento das instalacións de uso público do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello, situado no número 108 da rúa Ramón Cabanillas do concello de Moaña., referencia catastral da parcela 1814618NG2811S0001EQ, como espazo de transformación social, de dinamización da contorna e como infraestrutura cultural, social e de desenvolvemento económico, non só a este punto neurálxico da vila, senón tamén a nivel provincial

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas - LPACAP-, con carácter previo á elaboración do Regulamento, substánciase unha CONSULTA PÚBLICA PREVIA para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En base ao anterior se somete a consulta pública, durante un prazo de vinte días (prazo mínimo de conformidade co art. 83.2 LPACAP, previa á elaboración do Regulamento regulador do funcionamento das instalacións de uso público do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello, a seguinte MEMORIA

#### a) Antecedentes:

O concello dispón do antigo edificio do concello de Moaña, denominado Concello Vello, situado no número 108 da rúa Ramón Cabanillas do concello de Moaña., referencia catastral da parcela 1814618NG2811S0001EQ, como espazo de transformación social, de dinamización da contorna e como infraestrutura cultural, social e de desenvolvemento económico, non só a este punto neurálxico da vila, senón tamén a nivel provincial.

Na intervención de rehabilitación de dito edificio municipal, deseñaronse espazos inclusivos que, apoiados en TICs accesibles, garantan o acceso universal en igualdade de condicións da veciñanza.

O edificio principal e o volume este destinase a uso público, albergando diferentes espazos culturais dispoñibles para os veciños previa solicitude ao concello.

Estes locais contan cun sistema de control de acceso que permitirá a súa videovixilancia e telexestión mediante unha chave dixital que os cidadáns deberán activar por anticipado.

Deste xeito só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas a través da lectura por contactless da súa credencial personalizada, tal e como se preveu no correspondente proxecto de rehabilitación do edificio que resulta do expst ref. 2164/2021 (S0242 - Contratacións de obras por procedemento aberto simplificado Asunto Licitación do proxecto de Rehabilitación do Concello Vello vencellado ao Programa REACPON da Deputación de Pontevedra)

Os locais ao dispor da cidadanía serán os seguintes:

**SALA DE EXPOSICIÓNS-** Situarase en planta baixa, cun acceso independente e adaptado desde a rúa

**LOCAL DE ENSAIO-** Local insonorizado situado en planta baixa, cun acceso independente e adaptado desde a rúa

**AULA DE ESTUDO E ESPAZOS DE TRABALLO EN GRUPO-** Espazo en planta primeira accesible mediante ascensor e a través das escaleiras orixinais do edificio principal que serán





## Concello de Moaña


restauradas.

*PROTECCIÓN CIVIL- O volume oeste dedícase integramente ás instalacións da dotación de Protección Civil do concello,*


*A distribución de usos que resulta do proxecto de rehabilitación xa executado e recibido polo concello é o seguinte:*



DISTRIBUCIÓN DE USOS



PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA





## Concello de Moaña

En base ao anterior, dito edificio se configura como ben de dominio público afecto a usos e/ou servizos de interese público.

Non existe regulamento previo que regule de maneira integral os usos das instalacións do concello vello.

**b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:**

- 1º Cesións das instalacións sen o procedemento establecido.
- 2º. Malas praxes das persoas ou asociacións cesionarias no uso e a xestión dos espazos.
- 3º. Inexistencia de normativa municipal reguladora ata a data ou/e dunha política pública municipal en relación cos locais sociais e centros cívicos municipais

**c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:**

Ante a reforma efectuada no edificio de titularidade municipal (edificio do Concello Vello), a posibilidade actual de reactivación do mesmo dunha forma ordenada e coherente, favorecendo a mellor calidade dos servizos vencellados a cada espazo das instalacións, resulta imperativo para o goberno municipal

Necesidade de contar cunha regulación municipal que garante o uso e a xestión deses espazos públicos mediante unha xestión responsable na que o Concello ocupe unha posición central

**d) Obxectivos do Regulamento :**

Regular a organización interna, o funcionamento, os usos e as actividades que se desenvolvan nas instalacións e espazos de uso público do concello vello para que mediante unha xestión eficaz, eficiente, transparente e en igualdade de oportunidades, na que o Concello ocupe a centralidade, coa participación responsable do movemento asociativo e persoas a título individual interesadas, coadúvese ao obxectivo de lograr unha cidadanía responsable e formada, esixente cos seus dereitos e cumpridora das súas obrigacións.

A regulación do uso das instalacións recollera os dereitos e deberes dos usuarios.

A norma municipal abrangara a seguinte estrutura:

Disposicións xerais (relativas ao obxecto do regulamento, -ambito de aplicación e finalidades, requisitos para acceso aos servizos dos diferentes espazos, horarios e normas xerais de uso , dereitos e deberes)
Normativa específica de uso de cada espazo (descrición dos espazos e normas específicas de utilización)
Réxime sancionador
Protección de datos
Disposicións adicionais
Disposicións derogatorias
Entrada en vigor

**e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:**

As alternativas non regulatorias non son unha opción dado que se trata de dispoñer dun marco xurídico eficaz que, por unha banda, salvagarde o patrimonio municipal e por outra regule os seus usos e actividades dunha maneira eficaz, eficiente e transparente.  
.../..."

